

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 2 DE SETEMBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dous de Setembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-  
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 29 de Xullo.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-**

Visto o escrito de Don Rogelio López Alonso, veciño de Francelos, con domicilio na rúa Tomás Martínez Soto, 47, no que interesa parcelación dunha finca sita na Estrada de Francelos, nº 117, de referencia catastral 9812313, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a información urbanística emitida ó respecto polos servizos técnicos do Concello, que di: "Segundo o Estudio de Detalle correspondente a

Ordenanza aplicable é a 14.2 Ordenanza U.M. Usos Mixtos Grao A.- 14.2 Ordenanza UM. Usos Mixtos.- Definición.- Espacio de Ordenación aberta, cerrada ou mixta destinado a usos mixtos, de residencia, industrial, comercio e dotacións, así como demais usos nucleares asociados a eles.- Dádalas diferentes características urbanísticas da Travesía e do interior do núcleo, no ámbito que é de aplicación a presente ordenanza, esta divídese en dous graos: GRAO A: Ambito territorial.- Sinalado no Plano de Aliñacións, rasantes e ordenación.- Normas de uso.- Usos admitidos: Residencial: vivenda agrupada (considérase como tal a colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio); Comercial: primeira categoría; Industrial: en categoría primeira; Dotacional: calquera categoría.- Normas de volume.- Condicións de posicións; Aliñacións: segundo plano de aliñacións, rasantes e ordenación; Rasantes: as existentes; Posición: entre medianerías.- Condicións de parcelación: a construción terá que adaptarse á trama viaria sinalada no plano do Estudio de Detalle coa cesión de terreos e apertura da via de cinco metros de ancho, art. 39 se seguintes do Regulamento de xestión R.D. 3288/1978 do 25 de Agosto e concurrentes; Parcela mínima: 60 m<sup>2</sup>; Fronte mínima: 6 m.- Condicións de edificación: Altura máxima: tres plantas (B+2); Permítese aproveitamento baixo cuberta; O patio de parcela poderá cubrirse cunha planta ou 3,50 metros de cornisa; Fondo Máximo edificable: 12 metros; Na planta baixa e soto a ocupación poderá ser do 100% do solar no ámbito de aplicación da Ordenanza.

Visto o expediente instruído a instancia de Don José Alvarez Garcia, veciño de Sanín, no que solicita licencia municipal para a transformación dunha explotación avícola a vacuno de engorde para 100 becerros e RESULTANDO: que admitido a trámite, procedeuse a realiza-la información pública co resultado que consta no expediente, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe do Sr. Xefe Local de Sanidade e o da Comisión de Goberno, órgano que ten asumida a competencia nesta materia por delegación expresa do Pleno.- RESULTANDO: que elevado o expediente á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo con data 25 de Xuño pasado informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ó cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto presentado a que as instalacións adaptaranse ó anexo do proxecto presentado e que foi visado na data 16-02-96.- RESULTANDO: que o lugar de emprazamento non é disconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.- CONSIDERANDO: que na tramitación deste expediente observáronse tódalas prescripcóns legais.- CONSIDERANDO: que é competencia

da Comisión Municipal de Goberno a concesión da licencia solicitada. A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a concesión provisional da licencia que se solicita, debendo cumprí-las observacións e medidas correctoras que no seu informe sinala dita Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda licencia definitiva, para o que será indispensable que se levantase Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal. Realizadas as obras aportará certificado de fin de obra e solicitará licencia de apertura. Practícase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construccións, Instalación e obras desta licencia, o cal importe é de 41.301 pesetas.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento público de San Paio e Ribadavia.

Da Farmacéutica titular, resultados das análises mínimas da auga da Fonte da Prata, do abastecemento de San Paio e, do abastecemento de Ribadavia.

Do Goberno Civil, sobre traslado incoación establecemento público, expediente nº 543/96.

Do Goberno Civil, sobre traslado incoación establecemento público, expediente nº 544/96.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio de colaboración polo cal o Centro de Estudos Medievais facilita cinco persoas para a atención de

visitas guiadas no servizo de información turística do Concello de Ribadavia e visitas ó Castelo para o mes de Xullo e Agosto, comprometéndose o Concello de Ribadavia a aboar polo devandito servizo a cantidade de 220.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente o mes de Xullo presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ( Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio entre o Ilmo. Concello de Ribadavia e o Ribadavia Atlético para o uso das instalacións deportivas municipais.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio entre o Ilmo. Concello de Ribadavia e o Club Artístico Baloncesto para o uso das instalacións deportivas municipais.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, concede unha subvención económica por importe de 176.000 pesetas á Asociación de Veciños "San Francisco" para aboamento ós profesores que impartiron clases de baile galego e gaita, correspondente ó período comprendido dende o 1-4-96 ata o 1-7-96.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á relación de horas extraordinarias realizadas por Don Antonio Míguez Amil na Oficina de Turismo e Polideportivo Municipal nos meses de Xullo e Agosto últimos, por importe de 44.800 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la relación de facturas emitidas pola Empresa Espina y Delfín S.L., polo servizo de mantemento da estación depuradora de augas residuais no período comprendido entre o 4 de Agosto de 1995 e o 31 de Agosto de 1996 e outras subministracións menores, asemade dos suplidos na enerxía eléctrica do bombeo existente na rúa Extramuros, por un importe total de 7.986.545 pesetas, segundo detalle que se atopa nas facturas correspondentes.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.